



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR 2/2016 TECNIFICACIÓN 2016 TECNIFICACIÓN ARCO COMPOSTO

A Coruña, 10 de febreiro de 2016

A FGTA leva a cabo esta convocatoria, de forma aberta, dirixida a todos/as os/as arqueiros/as e adestradores da modalidade de arco composto que teñan interese en entrar a formar parte do grupo de tecnificación que se vai formar coa fin de elevar o nivel técnico desta modalidade en Galicia.

Para isto vaise contar con Alberto Blázquez Arbonies; quen, en conxunción coa dirección técnica da FGTA encargarse da dirección e docencia da concentración.

A FGTA, a través de Alberto Blázquez, aposta desta forma polo tiro progresivo con tensión de espalda como técnica a implantar.

Esta convocatoria estará dirixida e enfocada a traballos técnicos específicos, que serán coordinados polo responsable, Alberto Blázquez, coordinando grupos de traballo entre as novas incorporacións e os que continúan a formación dende as anteriores convocatorias.

Os/As arqueiros/as e adestradores que desexen participar nesta concentración, aínda de carácter aberto, deberán remitir a súa solicitude á dirección técnica da FGTA.

Nesta convocatoria avaliarase tecnicamente a arqueiros e técnicos de cara á súa inclusión definitiva no grupo de tecnificación de Arco Composto da FGTA para o ano 2016, e que serán convocados en próximas concentracións de forma nominativa.

* Os/as arqueiros/as ou monitores que xa teñan remitido a ficha na anterior concentración cos datos técnicos, tan só deberán cubrir a **FICHA DE INSCRICIÓN**.

Os/As que asistan por primeira vez deberán cubrir todos os datos que se solicitan.

INSCRICIÓN:

25 € (O custo da inscrición inclúe o xantar do sábado)

A data límite para a recepción de inscricións é o 18 de febreiro de 2016, ás 20.00 horas.

A inscrición realizarase enviando o formulario que se xunta ao correo electrónico secretaria@fgta.es debidamente cuberto en todos os apartados, así como o xustificante de ter aboado o importe na conta da FGTA da entidade ABANCA **ES78 2080 5368 7630 4000 7146**

Federación Galega de Tiro co Arco – N.I.F. G-27034131

Apdo. de correos 5368 – CP 15009 (A Coruña)

Presidencia: presidente@fgta.es Tel. 629 628 077 / Secretaria: secretaria@fgta.es Tel. 629 615 737



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR 2/2016
TECNIFICACIÓN 2016
TECNIFICACIÓN ARCO COMPOSTO

LUGAR

Pavillón Municipal de As Somozas (A Coruña)

DATA

Sábado 20 e domingo 21 de febreiro de 2016

HORARIOS:

Sábado 19: De 10:00 a 14:00 h. (*xantar*) e de 16:00 a 20:00 h.

Domingo 20: De 10:00 a 14:00 h.

XANTAR DO SÁBADO:

Nun restaurante próximo o pavillón



Mayte Doce Platas

Secretaria Xeral